

O CENTRO DE FORMACIÓN E PROMOCIÓN RURAL PIÑEIRAL SEGUE APOSTANDO POLA EXCELENCIA NA CALIDADE DO ENSINO.

Beatriz Sotelo, única chef Estrella Michelin galega e primeira muller que gañou o concurso nacional "Cocinero del Año", incorpórase ó grupo de docentes de Piñeiral.



Beatriz Sotelo fixo un repaso pola súa traxectoria profesional e personal.

“Cómo se cocina unha estrela michelín”, foi a charla técnica impartida por Beatriz Sotelo no seu debut como docente na Efa Piñeiral. O alumnado dos distintos grados de formación profesional do centro de Piñeiral coñeceron de primeira man os inicios da chef, as dificultades coas que se atopou e cómo logrou facerse un oco no tan competitivo sector gastronómico.

“ A dificultade non reside en obter unha estrela michelín, o realmente complicado é mantela, e a única fórmula que o fai posible é traballar, traballar e traballar; unha estrela michelín non o é só unha boa cociñeira, é o resultado do traballo en equipo”, afirmou Beatriz quen aseverou que “foi ós 28 anos, con xa máis de dez anos de experiencia, cando se sentiu atraída pola ensinanza, por trasladar o seu coñecemento profesional, deixando dalgún xeito a súa impronta nos futuros profesionais e aprendendo tamén, do propio proceso formativo e do alumnado”.

Dende a dirección do centro educativo califican de “unha oportunidade excepcional a posibilidade de que o alumnado en xeral, e os estudantes do ciclo medio de Panadaría, Repostaría e Confeitaría en particular, poidan recibir clases da man dunha profesional coa bagaxe e traxectoria de Beatriz Sotelo”.

NOVOS OBRADOIROS E FORMACIÓN EN IDIOMAS ESTRANXEIROS

O centro de formación profesional e promoción rural Piñeiral impartirá tamén as accións formativas: "Obradoiro de atención sociosanitaria: coidados de calidade" e o "Obradoiro de atención e información ao cliente/usuario", ambos financiados pola Consellería de Política

Social da Xunta de Galicia. Estas accións formativas desenvolveranse nos meses de outubro e novembro, acreditaranse con diploma da Dirección social de inclusión social e contemplarán bolsas remuneradas de asistencia así como prácticas laborais en empresas.

Así mesmo Piñeiral continuará co seu programa de formación en linguas extranxeiras iniciado en 2013. Piñeiral é centro preparador para lingua inglesa e alemana dos exames oficiais de Cambridge, do Goethe Institut e das Escolas Oficiais de Idiomas. Vaida Urbonaite, profesora nativa, encárgase da formación e preparación dos niveis A2, B1 e B2 en inglés, ademais de impartir clases de inglés básico, así como dos niveis A1 e A2 en alemán.

As clases darán comezo de xeito inminente e impartiranse os venres tarde e os sábados, dende outubro ata as datas sinaladas dos exames oficiais.

O período de matriculación para ambos obradoiros e para a formación lingüística está xa aberto, podendo obter información dos mesmos no teléfono 981500580.

Arzúa , 10 de outubro de 2016
Saúdos. Inma Carbia
Gabinete de Comunicación EFA PIÑEIRAL
635138592